

# **BANDO INFORMATIVO**

**Comunícase a tódolos interesados que está aberto o prazo das**

## **AXUDAS POR FILLOS MENORES A CARGO (ANO 2018)**

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2018 (nados entre o 2.1.2015 e o 1.1.2018, incluídos) e que, durante o ano 2016, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso.

### **Os requisitos son:**

- Que os pais teñan a súa residencia habitual na Comunidade Autonoma Galega.
- Que a data de presentacion desta solicitude os nenos convivan co solicitante.

### **A documentación a presentar é:**

- DNI do solicitante e do seu conxuxe ou parella.
- Libro de familia.
- Certificado de empadronamento conxunto de toda a unidade familiar.
- Numero de conta.
- No caso de nulidade, separación ou divorcio copia da sentenza ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns, acompañada, de ser o caso, do correspondente convenio regulador.
- Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou acollemento, no suposto de que a súa formalización se realizase noutra comunidade autónoma, de ser o caso.

**O prazo de presentacion de solicitudes remata o vindeiro dia 21 de marzo 2018.**

**As solicitudes presentaranse no departamento de Servizos Sociais do Concello de Vila de Cruces. Máis información no 986592616.**

Vila de Cruces, febreiro de 2018



**CONCELLO DE VILA DE CRUCES**